

X Convenio colectivo de ámbito estatal para os Centros de Educación Universitaria e Investigación

[Publicado no BOE núm. 45, do 22 de febreiro de 2000]

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

CAPÍTULO I

ÁMBITOS

Artigo 1º. Ámbito territorial.

O presente Convenio é de aplicación en todo o territorio do Estado español.

Nos convenios de ámbito inferior a este e superior ao de empresa que puidesen negociarse a partir do asinamento deste Convenio, excluíranse expresamente da negociación: período de proba, as modalidades de contratación, os grupos profesionais, o réxime disciplinario e as normas mínimas en materia de seguridade e hixiene no traballo e a mobilidade xeográfica.

Nos convenios de empresa ou de ámbito inferior que puidesen negociarse a partir do asinamento deste Convenio, excluíranse da negociación, ademais das materias sinaladas no parágrafo anterior: retribucións salariais, clasificación de categorías profesionais, xornada e vacacións.

Artigo 2º. Ámbito persoal.

O presente Convenio afecta a todo o persoal en réxime de contrato de traballo que preste os seus servizos en Centros de Educación Universitaria e de Investigación sen finalidade de lucro, que non sexan de titularidade pública.

Quedan excluídos do ámbito de aplicación deste Convenio:

- a) Os reseñados nos artigos 1.3. e 2 do Estatuto dos Traballadores e os que desempeñan funcións de Director, Xerente, Administrador Xeral e equivalentes, así como os Directores de Centro que sexan funcionarios do Estado nomeados pola Universidade á que o Centro estea adscrito.
- b) Os graduados –bolseiros ou non– que se inician na investigación e a docencia baixo a dirección dos profesores, de conformidade cos Estatutos e Regulamentos propios de cada Centro. Esta exclusión non afecta aos acoitados á nota 6 do Apéndice "Táboas Salariais".
- c) Os alumnos que participan nas tarefas dos distintos departamentos ou servizos, aínda que desfruten de bolsa-colaboración ou algunha outra bolsa análoga.
- d) Os profesionais que no eido da súa especialidade colaboran nas tarefas universitarias, calquera que estas sexan sempre que non constitúan a súa tarefa principal.
- e) O persoal titulado ou auxiliar contratado para a realización de proxectos de investigación concertados co Ministerio de Educación e Ciencia ou con outras entidades públicas ou privadas, cunha retribución e demais condicións de traballo que se axustarán estritamente ás establecidas polos organismos patrocinadores de ditos proxectos.

f) Os Profesores que tras cumprir, cando menos, os 65 anos se xubilen e continúen colaborando cos Centros ao abeiro do establecido no artigo 32°.

Artigo 3°. Ámbito temporal.

O presente Convenio entrará en vigor desde a súa publicación no BOE e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2002.

Unha vez publicada, os seus efectos económicos retrotraeranse á data do 1 de xaneiro de 1999.

Non obstante, o disposto nos artigos 36 e 37 entrará en vigor tres meses despois da publicación do Convenio no BOE.

Se durante a vixencia do presente Convenio se producisen cambios na lexislación sobre materias que afecten ás normas contidas nel, a Comisión Paritaria reunirse ao obxecto de adecuar o Convenio á nova situación.

CAPÍTULO II

DENUNCIA, REVISIÓN E PRÓRROGA DO CONVENIO

Artigo 4°.

O presente Convenio prorrogarase de ano en ano, a partir do 31 de decembro de 2002, por tácita recondución, se non mediase denuncia deste por calquera das partes asinantes cunha antelación de dous meses ao remate do seu período de vixencia ou á de calquera das súas prórrogas.

Artigo 5°.

Malia o anterior, as condicións económicas, se é o caso, serán negociadas anualmente para a súa efectividade a partir do 1 de xaneiro de cada ano de prórroga.

Artigo 6°.

Denunciado o Convenio, as partes asinantes comprométense a iniciar conversas en prazo non superior a un mes da data de vencemento do Convenio ou da prórroga. Ata o asinamento do novo Convenio manterá a súa vixencia o anterior.

CAPÍTULO III

COMISIÓN PARITARIA

Artigo 7°.

Constituirase unha Comisión Paritaria para a interpretación, mediación e arbitraje do cumprimento deste Convenio, sen prexuízo das competencias legalmente atribuídas ás entidades administrativas e xudiciais correspondentes.

Artigo 8°.

A Comisión Paritaria, única en todo o Estado Español, estará integrada polas organizacións empresariais e sindicais negociadoras deste Convenio.

Os acordos tomaranse por voto cualificado e en función da representación oficial das organizacións, requirindo o voto favorábel do 50 % da representación empresarial e da sindical.

Se as partes se someten expresamente é arbitrase da Comisión a súa resolución será vinculante.

Artigo 9º.

A Comisión Paritaria reunirse con carácter ordinario dúas veces ao ano e, con carácter extraordinario, cando o solicite a maioría dunha das partes. En ambos os casos o Presidente especificará, por escrito, cunha antelación mínima de cinco días, a orde do día, lugar, data e hora da reunión.

A Comisión Paritaria fixa o seu domicilio en Madrid, c/ Alberto Aguiereira nº 23 (C.P. 28015).

CAPÍTULO IV

ORGANIZACIÓN DO TRABALLO

Artigo 10º.

A disciplina, xerarquía e organización do traballo axustaranse aos Estatutos, Regulamentos e demais disposicións aplicábeis e aos usos e costumes universitarios propios deste tipo de Centros. A aplicación do disposto respecto das Universidades con facultade de colación de graos, será sen prexuízo do establecido nos seus Estatutos.

TÍTULO II

DO PERSOAL

CAPÍTULO I

CLASIFICACIÓN

Artigo 11º.

Para os efectos do presente Convenio, os Centros clasifícanse en:

- a) Escolas Universitarias
- b) Facultades e Escolas Superiores
- c) Centros Universitarios e os seus Centros de Investigación.

Artigo 12º.

O persoal comprendido no ámbito de aplicación do presente Convenio clasifícase nos grupos, subgrupos e categorías seguintes:

Grupo I: Persoal docente: Comprende as seguintes categorías:

- a) Profesor Titular.
- b) Profesor Agregado.
- c) Profesor Adxunto.
- d) Profesor Auxiliar ou Axudante.

Así mesmo, e tendo en conta a diversidade dos Centros afectados polo presente Convenio e que en moitos deles se imparten ensinanzas de distinto grao, poderán existir outras categorías docentes de acordo coa lexislación vixente e os Estatutos e Regulamentos propios de cada Centro.

Polas especiais características dos Centros de Educación Universitaria e de Investigación, os cargos de goberno tales como Decano, Director, Subdirector, Xefe de Estudos, Xefe de Departamento e Secretario, non se considerarán categorías profesionais senón cargos temporais, os titulares dos cales serán nomeados e cesarán no desempeño das súas funcións de conformidade co establecido nos Estatutos ou Regulamentos dos Centros respectivos.

Nos Centros onde o Xefe de Departamento se considere categoría profesional, respectaranse os dereitos adquiridos.

Grupo II: Persoal non docente: Comprende os subgrupos e categorías seguintes:

Subgrupo 1º. Persoal titulado

- a) Titulado de grao superior: Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto Superior, Bibliotecario, Analista.
- b) Titulado de grao medio: Enxeñeiro ou Arquitecto Técnico, Perito, Aparellador, Axudante Técnico Sanitario, Asistente Social, Graduado Social, Axudante de Biblioteca e Programador.

Subgrupo 2º. Persoal de investigación

- a) Investigador.
- b) Colaborador de investigación.
- c) Axudante de investigación.

Subgrupo 3º. Persoal administrativo

- a) Administración.
 - 1) Xefe Superior.
 - 2) Oficial de primeira.
 - 3) Oficial de segunda.
 - 4) Auxiliar.
 - 5) En formación.

Terán o carácter de categorías funcionais e manteranse polos traballadores mentres desempeñen a función encomendada, percibindo o complemento retributivo establecido para o efecto no Apéndice II, Táboas Salariais, as seguintes categorías:

- 1) Xefe de sección.
- 2) Xefe de negociado.
- 3) Subxefe de negociado.
- b) Proceso de Datos.

- 1) Analista.
 - 2) Programador.
 - 3) Operador.
 - 4) En formación.
- c) Biblioteca.

- 1) Bibliotecario / Facultativo
 - 2) Axudante de Biblioteca, titulado.
 - 3) Auxiliar en Biblioteca (a extinguir).
 - 4) En formación.
- Subgrupo 4º. Persoal Subalterno.

- 1) Ordenanza, Bedel ou Porteiro.
- 2) Garda ou Vixilante Xurado.
- 3) Persoal de Limpeza
- 4) Tele fonista de primeira.
- 5) Telefonista de segunda.
- 6) En formación.

A categoría de Conserxe terá carácter funcional e manterase polos traballadores mentres desempeñen a función encomendada, percibindo o complemento retributivo establecido para o efecto no Apéndice II, Táboas Salariais.

Subgrupo 5º. Persoal de servizos xerais .

- 1) Encargado de servizos xerais.
- 2) Técnico especialista de oficios.
- 3) Conductor de primeira.
- 4) Conductor de segunda.
- 5) Oficial de primeira de oficios auxiliares ou de Laboratorio.
- 6) Oficial de segunda de oficios Auxiliares ou de Laboratorio.
- 7) Axudante de servizos auxiliares ou de Laboratorio.
- 8) Mozo de servizo.
- 9) Camareira de bar.

10) Auxiliar de librería e reprografía.

11) Xardineiro.

12) Persoal non cualificado.

13) En formación.

As categorías especificadas anteriormente teñen carácter enunciativo e non supoñen a obriga de ter provistas todas elas se o volume da actividade do Centro e as súas necesidades non o requiren e as disposicións legais non o esixen. As definicións correspondentes ás mencionadas categorías son as que se reflicten no Apéndice I deste Convenio.

A posesión de títulos ou diplomas académicos non modifica de seu a categoría laboral de quen os ostenta ou posúa.

CAPÍTULO II

CONTRATACIÓN, PERÍODO DE PROBA, VACANTES, SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO

Artigo 13º. Contratación.

O ingreso do persoal comprendido neste Convenio terá lugar por libre contratación entre o traballador e o titular do Centro.

Os contratos de traballo, calquera que sexa a súa modalidade, deberán formalizarse por escrito, quedando un exemplar cada parte contratante e os restantes os organismos competentes, de conformidade coa lexislación vixente.

Artigo 14º. Contrato indefinido.

Todas as persoas afectadas polo presente Convenio entenderanse contratadas por tempo indefinido sen máis excepcións que as indicadas nos artigos seguintes e aquelas establecidas pola Lei e tendo en conta as condicións específicas do sector.

As persoas incorporadas nun Centro, sen pactar modalidade especial nengunha en canto á duración do seu contrato, consideraranse fixas, unha vez transcorrido o período de proba.

Todo o persoal pasará automaticamente á condición de fixo se transcorrido o prazo determinado no contrato continúan a desenvolver as súas actividades sen ter existido novo contrato ou prórroga do anterior.

En caso de ser persoal docente que imparta ensinanza regrada, quedará como persoal fixo se existe nova contratación para impartir a mesma materia antes de tres meses salvo que se acredite a súa natureza non indefinida segundo o indicado nos artigos seguintes e o disposto na Lexislación vixente.

Artigo 15º. Contrato de interinidade.

Considérase contrato de interinidade o celebrado para substituír a unha persoa con dereito a reserva do posto de traballo en virtude de norma, convenio colectivo ou acordo individual, ou para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para a súa cobertura definitiva. Rexeranse polo disposto na lexislación vixente.

Tamén poderá utilizarse este tipo de contrato para cubrir baixas por enfermidade nos períodos de maior incidencia destas, e para cubrir a docencia, total ou parcialmente, do profesor que fose designado para exercer un cargo de goberno no Centro, para se facer cargo dun proxecto de investigación, ou calquera outro encargo que implique redución da docencia, con dereito a reserva de posto de traballo.

Poderán celebrarse a tempo parcial no último caso dos indicados no parágrafo anterior e nos supostos previstos na lexislación vixente.

Artigo 16º. Contratos para a realización dunha obra ou servizo determinado.

Teñen por obxecto a realización dunha obra ou a prestación dun servizo determinado, con autonomía e substantividade propia dentro da actividade do Centro.

No ámbito docente e investigador poderán cubrirse con contratos desta natureza os que teñan por obxecto impartir materias a extinguir de planos de estudio antigos, materias optativas e de libre configuración, cursos monográficos de doutoramento, seminarios, ensinanzas non incluídas nos planos de estudio oficialmente aprobados, impartir clases prácticas en casos de desdoblamento en grupos, así como os que se formalicen para a realización de proxectos ou traballos de investigación propios ou concertados con outras entidades.

A Comisión Paritaria poderá dictaminar sobre calquera outra tarefa non contemplada que puidese ser obxecto desta contratación.

No que se refire ao persoal non docente, poderán cubrirse con contratos desta natureza as tarefas que teñan por obxecto a realización de traballos extraordinarios ou ocasionais que non poidan ser formalizados a través das outras modalidades de contratos existentes.

O contrato deberá especificar con precisión e claridade o carácter da contratación e identificar suficientemente o traballo ou tarefa que constitúa o seu obxecto.

A duración do contrato será a do tempo esixido para a realización da obra ou servizo.

Se o contrato fixase unha duración ou reamte, estes deberán considerarse de carácter orientativo en función da obra ou servizo obxecto do contrato.

Artigo 17º. Contratos eventuais por circunstancias da produción.

Considérase contrato eventual o que se concerta para atender as esixencias circunstanciais do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos, mesmo tratándose da actividade normal dos Centros.

No contrato consignarase con precisión e claridade a causa ou circunstancias que o xustifique.

Os motivos que poden levar os Centros a realizaren este tipo de contratos poderán ser: os períodos de inscrición e matrícula, cobertura de períodos vacacionais, coexistencia de planos de estudio distintos para a obtención dunha mesma titulación.

Estes contratos poderán ter a duración máxima prevista na lexislación vixente.

A Comisión Paritaria poderá dictaminar e engadir calquera outra tarefa non contemplada que puidese ser obxecto desta contratación.

Artigo 18º. Contrato de traballo en prácticas.

Poderá concertarse con que estivesen en posesión de título universitario ou de formación profesional de grao medio ou superior, ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, que habiliten para o exercicio

profesional, dentro dos catro anos, ou de seis cando o contrato se concerte cun traballador ou traballadora minusválido, inmediatamente seguintes ao remate os correspondentes estudos, de acordo co disposto na lei.

Salvo o disposto na Nota nº 6 do Apéndice II "Táboas Salariais", as retribucións dos traballadores con contrato en prácticas serán o 80 %, durante o primeiro ano, e o 100 % durante o segundo, da contía que figura nas táboas salariais para a categoría e funcións para as que fose contratado.

Artigo 19º. Contrato para a formación.

Ten por obxecto a adquisición da formación teórica e práctica necesaria para o desempeño adecuado dun oficio ou posto de traballo cualificado.

Poderase formalizar con persoas maiores de 16 anos e menores de 21, que non teñan a titulación requirida para a formalización dun contrato en prácticas. Non se aplicará o límite máximo de idade cando o contrato se concerte cun traballador ou traballadora minusválidos.

A duración mínima do contrato será de 1 ano e a máxima de 2 anos, salvo no caso de que o contrato se concerte cun minusválido, en que a súa duración poderá ser de 4, dedicando á súa formación teórica o 25 % da xornada prevista neste Convenio. A retribución será a correspondente á categoría profesional de formación que se fixa nas correspondentes táboas salariais.

Quen continúe na empresa despois de acabado o contrato para a formación, ocupará a categoría inmediatamente superior á súa das determinadas no presente Convenio, excepto no persoal de Bibliotecas que pasará a Auxiliar Administrativo.

Artigo 20º. Contrato a tempo parcial.

1. É o que se realiza para prestar un servizo durante un número de horas ao día, á semana, ao mes ou ao ano, inferior ao 77% da xornada a tempo completo establecida neste Convenio. Rexerase polo disposto na lexislación vixente e coas seguintes especificacións:

a) A xornada diaria poderá efectuarse de forma continuada ou partida, podendo, no último caso, efectuarse unha interrupción no caso do persoal non docente e dúas no suposto do profesorado, que poderán ampliarse se existise mutuo acordo.

b) Os traballadores a tempo parcial terán os mesmos dereitos que os traballadores a tempo completo de maneira proporcional, en función do tempo traballado.

c) O número de horas complementarias que poderán pactarse non poderá exceder do 30% das horas ordinarias contratadas dentro do límite do 77% da xornada a tempo completo, podendo distribuírse de forma irregular ao longo do ano, en función das necesidades académicas e organizativas dos Centros, e debendo notificarse a súa realización coa maior antelación posíbel. As horas complementarias retribuiranse como as ordinarias.

2. Os contratos a tempo parcial celebrados con anterioridade á entrada en vigor do R.D.Lei 15/1998, do 27 de novembro, entre os que se inclúen os do profesorado en réxime de dedicación semiplena, continuarán rexéndose pola normativa legal ou convencional conforme á que se celebraron. Non obstante, nos contratos indefinidos a tempo parcial celebrados antes da entrada en vigor do dito R.D.Lei, en que a xornada de traballo sexa inferior ao novo límite legal establecido (77%), poderá realizarse pacto de horas complementarias quedando, se é o caso, excluída a posibilidade de realizar horas extraordinarias, salvo cando se realicen para previr ou reparar sinistros e outros danos extraordinarios e urxentes.

3. No suposto de persoal docente con dedicación parcial, e dentro do límite do 77%, as horas contratadas de docencia regulada ou normalizada e seminarios incluída en horarios, que non poderán superar as 20 horas lectivas de media semanal en cómputo anual, incrementaranse nun 25% que se destinarán a preparación,

realización e corrección de exames, atención ao alumno, reunións de claustro, departamento ou outras actividades universitarias. A retribución calcularase tomando como referencia o número de horas de docencia que imparta, de acordo co previsto nas Táboas Salariais.

No suposto de que se modifique normativamente a actual regulación do contrato a tempo parcial do R.D.Lei 15/1998, do 27 de novembro, facúltase expresamente á Comisión Paritaria para que, con carácter urgente, acorde as adaptacións oportunas.

Artigo 21º. Xubilación parcial e contrato de relevo.

De conformidade co previsto na lexislación vixente, entenderase como contrato a tempo parcial o celebrado por un traballador ou traballadora que concerte co Centro unha redución da súa xornada de traballo e do seu salario de entre un mínimo do 30% e un máximo do 77%, cando reúna as condicións xerais esixidas para ter dereito á pensión contributiva de xubilación da Seguridade Social con excepción da idade, que terá que ser inferior en, como máximo, cinco anos á esixida. A execución deste contrato e a súa retribución serán compatíbeis coa pensión que a Seguridade Social lle recoñeza ao traballador ata que cumpra a idade establecida con carácter xeral no Sistema da Seguridade Social para causar dereito á pensión de xubilación, extinguíndose a relación laboral ao alcanzar a devandita idade. A realización deste contrato esixe a concertación simultánea dun contrato de relevo, que é o contrato polo que se substitúe como mínimo a xornada deixada vacante polo traballador que reduce a súa xornada de acordo co indicado no presente artigo.

Artigo 22º. Período de proba.

O persoal de novo ingreso quedará sometido, salvo pacto en contra, a un período de proba que non poderá exceder de catro meses para o persoal docente e investigador, un mes para o persoal non docente e quince días para o persoal non cualificado.

Quen xa desempeñase as mesmas funcións con anterioridade no Centro, baixo calquera modalidade de contratación, estará exento do período de proba.

Durante o período de proba, tanto o traballador ou traballadora como o titular do Centro poderán resolver libremente o contrato de traballo, sen prazo de preaviso nin dereito a indemnización.

Transcorrido o período de proba sen que se producise o desistimento, o contrato producirá plenos efectos, computándose o tempo dos servizos prestados na antigüidade do traballador no Centro. A situación de incapacidade temporal que afecte ao traballador durante o período de proba interrompe o cómputo deste, sempre que se produza acordo entrambas as partes.

Malia o establecido no parágrafo primeiro deste artigo, no caso do persoal docente e investigador a quen se realice un contrato indefinido, o período de proba será dun ano. Dentro dos catro primeiros meses, tanto o traballador como o titular do Centro poderán resolver libremente o contrato de traballo, sen necesidade de preaviso nin dereito a indemnización. A partir do cuarto mes e ata o duodécimo, se o Centro desiste do contrato, virá obrigado a aboar unha indemnización de dous días de salario por mes traballado a contar desde o primeiro.

A indemnización establecida no parágrafo anterior será exclusivamente aplicábel ao suposto alí indicado.

Artigo 23º.

Ao persoal non contratado como fixo, de acceder a esta condición, computaráselle como válidos os días traballados, para o período de proba e para a antigüidade no Centro.

Artigo 24º. Promocións e ascensos

1. Persoal docente. Os postos que deban cubrirse nas categorías superiores do Grupo I "Persoal docente", serán cubertos preferentemente entre o persoal de categorías inferiores do mesmo Grupo, combinando a capacidade e aptitude coa antigüidade no Centro.

De non existir, a xuízo do titular do Centro, persoal idóneo, as ditas vacantes poderán ser cubertas libremente polo Centro. Neste caso os Centros procurarán que accedan a ditas prazas profesores con contrato de duración determinada ou a tempo parcial e quen estean contratados como interinos, sempre que reúnan as condicións requiridas.

Os Profesores Adxuntos das Escolas Universitarias serán promovidos á categoría de Profesores Agregados unha vez cumpridos tres anos de servizo en dita categoría, respectando o disposto nos Estatutos e Regulamentos do Centro. De non existir vacante, continuarán como Adxuntos pero coa retribución de Agregados.

A promoción do profesorado das Facultades e Escolas Superiores axustarase ao disposto nos Estatutos, Regulamentos e normas propias de cada Centro.

2. Persoal Administrativo. A cobertura dos postos administrativos realizarase de acordo cos seguintes criterios:

a) Os de Xefe Superior serán de libre designación do titular do Centro.

b) A categoría funcional de Xefe de Negociado será cuberta preferentemente por Subxefes de Negociado e Oficiais de primeiro, designados polo Dirección do Centro, combinando capacidade, aptitud, formación e antigüidade.

c) Os Oficiais de segundo que, tras catro anos de servizos na categoría, non fosen promocionados, verán incrementada a súa retribución nun 50% da diferenza entre o Oficial de primeira e o de segunda. Transcorridos oito anos na categoría, sen que houberse promoción, a súa retribución verase incrementada ata o 75% da diferenza entrambas as categorías. En ambos os casos continuarán coa categoría de Oficial de segunda.

d) Os Auxiliares, con cinco anos de servizos na categoría, ascenderán a Oficiais de segunda, e de non existir vacante, continuarán como Auxiliares, coa retribución de Oficial de segunda.

3. Persoal subalterno e de Servizos Xerais. Os postos deste persoal serán cubertos de conformidade cos seguintes criterios:

a) A categoría funcional de Conserxe será cuberta, preferentemente, por Ordenanzas, Bedeis ou Porteiros, designados, pola dirección do Centro, combinando capacidade, aptitude, formación e antigüidade.

b) As Telefonistas de segundo con cinco anos de servizo na categoría, ascenderán a Telefonistas de primeira.

c) Os postos a cubrir do resto das categorías serano, preferentemente, de entre o persoal de categorías inferiores do mesmo grupo, combinando a capacidade, formación e aptitude coa antigüidade no Centro.

4. No caso de vacantes de persoal non docente que non poidan ser cubertas na forma indicada nos números anteriores ou nas que se orixinen como consecuencia da súa aplicación, os centros procurarán que accedan ás ditas prazas persoas con contratos de duración determinada ou a tempo parcial e os interinos, sempre que reúnan as condicións requiridas.

Artigo 25º. Prazas a extinguir.

As prazas correspondentes ás categorías profesionais "a extinguir" quedarán automaticamente amortizadas cando a relación laboral dos seus titulares co Centro quede definitivamente resolta, calquera que sexa a causa da resolución.

Artigo 26º. Excedencias.

A excedencia poderá ser voluntaria ou forzosa.

A forzosa, que dará dereito á conservación do posto de traballo e ao cómputo da antigüidade da súa vixencia, concederase, previa comunicación escrita ao Centro, nos seguintes supostos:

- a) Por designación ou elección para cargo público que imposibilite a asistencia ao traballo.
 - b) Descanso dun curso escolar para todos os traballadores que desexen dedicarse ao perfeccionamento na súa actividade profesional, debidamente acreditado, por cada período de dez anos de exercicio activo no mesmo Centro. Cando este perfeccionamento sexa consecuencia da adecuación do Centro a innovacións educativas, o período de exercicio no Centro, para o persoal docente, quedará reducido a catro anos.
- En todo caso deberá solicitarse cunha antelación mínima de tres meses.
- c) Por enfermidade, unha vez transcorridos os 18 primeiros meses de incapacidade temporal, e por todo o tempo que o traballador permaneza nesta situación aínda que a empresa deixase de cotizar.
 - d) Por prestación do servizo militar ou substitutivo, durante o tempo mínimo obrigatorio de duración deste.
 - e) Polo exercicio de funcións sindicais, de ámbito provincial ou superior, sempre que a Central Sindical a que pertenza o traballador teña representatividade legal suficiente no sector do ensino privado.
 - f) Para atender ao coidado do cónxuee ou dun familiar en primeiro e segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que por limitacións físicas ou psíquicas, debidamente acreditadas, requira dunha atención continuada. A solicitude deberá presentarse con, polo menos, dous meses de antelación, salvo situacións de urxencia convenientemente acreditadas. Esta excedencia concederase por un tempo mínimo dun ano e un máximo de tres anos. No caso do profesorado, ademais, o final da excedencia deberá coincidir co comezo do curso académico.
 - g) Por nacemento ou adopción dun fillo, de conformidade coa lexislación vixente.

Artigo 27º.

O traballador con excedencia forzosa deberá reincorporarse no prazo máximo de trinta días naturais a partir do cesamento no servizo, cargo ou función que motivou a súa excedencia, excepto os incluídos no apartado d) do artigo anterior, para os que o prazo máximo de reincorporación será de dous meses.

Artigo 28º.

A excedencia voluntaria é a solicitada polo traballador que ten cando menos un ano de antigüidade no Centro e non desfrutou de excedencia durante os catro anos anteriores.

Deberá solicitala por escrito coa maior antelación posíbel.

De ser concedida, comezará a desfrutala dentro dos meses de xullo e agosto, salvo acordo en contra.

Artigo 29º.

O permiso de excedencia voluntaria concederase por un mínimo dun ano e un máximo de cinco.

O excedente voluntario conserva o dereito preferente ao reingreso no Centro, nas vacantes de igual categoría que se producisen, sempre que manifestase, por escrito, o seu desexo de reingreso, tres meses antes da finalización da excedencia.

Artigo 30º.

Se a concesión da excedencia voluntaria fose motivada por desfrute de bolsa, viaxe de estudio ou participación en cursiños de perfeccionamento, propios da especialidade do traballador, computaráselle a antigüidade durante o dito período de excedencia así como o dereito de se reincorporar automaticamente ao posto de traballo, ao que deberá reintegrarse no prazo máximo de sete días.

Artigo 31º. Os excedentes forzosos e os que desfruten das excedencias especiais sinaladas no artigo 30º, que ao cesar en tal situación non se reintegren ao posto de traballo nos prazos establecidos, causarán baixa definitiva no Centro.

Artigo 32º. Extinción do contrato.

1. As causas, forma e efectos da extinción do contrato son as establecidas na lexislación vixente coas especificacións que se indican nos números seguintes.

2. Quen desexe cesar voluntariamente no servizo ao Centro, virá obrigado a poñelo en coñecemento do titular deste por escrito, cumprindo os seguintes prazos de preaviso.

– Persoal docente e titulado non docente: 1 mes.

– Resto do persoal: 15 días.

O incumprimento por parte do traballador da obriga de preavisar coa indicada antelación dará dereito ao Centro a descontarlle da liquidación o importe do salario de dous días, por cada día de atraso no preaviso, excepto no caso de acceso ao funcionariado, sempre con preaviso ao titular do Centro dentro dos sete días seguintes á publicación das listas definitivas de aprobados, e se previamente se notificase ao Centro a concorrencia á oposición ou concurso.

Se o Centro recibe o preaviso en tempo e forma, virá obrigado a aboarlle ao traballador a liquidación correspondente ao acabar a relación laboral. O incumprimento desta obriga levará aparellado o dereito do traballador a ser indemnizado co importe do salario de dous días por cada día de atraso no aboamento da liquidación, co límite do número de días do preaviso.

3. Os Centros e os seus traballadores, de mutuo acordo, poderán tramitar os sistemas de xubilacións anticipadas previstas na lexislación vixente.

Os traballadores e as traballadoras poderán solicitar a xubilación parcial mediante a formalización dos oportunos contratos de relevo, de acordo coa lexislación vixente.

O persoal docente xubilárase obrigatoriamente aos 70 anos, podendo prorrogarse, de mutuo acordo, a actividade, ben por razóns obxectivas (traballo de difícil substitución, por exemplo) ou por razóns subxectivas (non alcanzar o número mínimo de anos de cotización para efectos da pensión de xubilación, etc.) e en todo caso aos 73 anos. Os profesores de recoñecido prestixio profesional no campo da docencia e a investigación que se xubilen despois de faceren os 65 anos, poderán continuar colaborando nas tarefas académicas que de mutuo acordo se establezan, a semellanza do establecido nas Universidades estatais para os Profesores Eméritos, conservando o tratamento e honras que lles correspondían ata a súa xubilación.

O persoal non docente xubilárase obrigatoriamente aos 65 anos, podendo prorrogarse, de mutuo acordo, a actividade, ben por razóns obxectivas (traballo de difícil substitución, por exemplo) ou por razóns subxectivas (non alcanzar o número mínimo de anos de cotización para efectos da pensión de xubilación, período de carencia, etc.), e en todo caso aos 70 anos.

Os dous parágrafos anteriores débense interpretar dentro do marco actual dunha política global de emprego que favoreza a substitución do persoal en idade de xubilación coas medidas de fomento do emprego promovidas polo Ministerio de Traballo, e sempre que o traballador cumpra os requisitos para desfrutar de

pensión de xubilación segundo a normativa de Seguridade Social ou teña dereito a outro tipo de prestación de xubilación por calquera dos sistemas ou procedementos de previsión social.

TÍTULO III

CONDICIÓNS DE TRABALLO

CAPÍTULO I

RETRIBUCIÓNS

Artigo 33º. Do salario.

Considerarase salario a totalidade das percepcións económicas dos traballadores pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea.

Non terán a consideración de salario as cantidades percibidas polo traballador en concepto de indemnizacións ou supridos polos gastos realizados como consecuencia da súa actividade laboral, as prestacións e indemnizacións da Seguridade Social e as indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións, despedimentos ou xubilacións.

Serán aboadas por meses vencidos, dentro dos cinco primeiros días do mes seguinte. As cargas fiscais e de Seguridade Social a cargo do traballador serán satisfeitas por este, sendo nulo todo pacto en contra.

O persoal poderá percibir anticipos a conta do traballo realizado antes de que chegue o día sinalado para o pagamento.

As retribucións son as que se indican no Apéndice "Táboas Salariais" e corresponden ás dedicacións que se indican, no caso do profesorado, e á xornada completa no suposto do persoal non docente e investigador. As retribucións correspondentes ao persoal non docente e investigador que non realice a xornada prevista no presente Convenio aboaranse proporcionalmente á xornada real que desenvolva.

Artigo 34º.

As percepcións económicas do persoal afectado polo presente Convenio están compostas polos seguintes conceptos:

1. Soldo. O soldo mensual para cada unha das categorías é o que se indica no Apéndice "Táboas Salariais".

2. Complementos de carácter consolidábel.

a) Antigüidade. Por cada trienio vencido o traballador terá dereito á percepción que se establece no Apéndice "Táboas Salariais". O importe de cada trienio farase efectivo na nómina do mes do seu vencemento. O inicio do cómputo do tempo para o primeiro trienio dará comezo unha vez superado un período de carencia de seis anos. O dito período de carencia aplicarase exclusivamente ao persoal que ingrese a partir do 1 de xullo de 2000. Non obstante, se se producise un despedimento improcedente dalgún dos traballadores afectados polo período de carencia antes de que perfeccionase o primeiro trienio, o período de carencia reducirase a catro anos, de modo que á indemnización por despedimento deberá engadirse, se é o caso, a cantidade que lle correspondese percibir polo complemento de antigüidade.

b) Pagas extraordinarias. A súa contía vén determinada polo importe do soldo e, se é o caso, do complemento persoal de antigüidade e, no caso do persoal non docente, do complemento de cargo. Unha farase efectiva no mes de xullo, outra en Nadal, e a terceira ao finalizar o curso.

Nos casos de nova incorporación, reingreso ou cesamento, as pagas extraordinarias aboaranse en proporción ao tempo traballado, sendo o período computábel o ano natural nos dous primeiros, e o curso académico (outubro-setembro), na terceira.

Por acordo entre os traballadores e o Centro, as tres pagas extraordinarias poderán ratearse nas doce mensuralidades ordinarias.

3. Outros complementos.

a) Complemento especial por actividade docente. O complemento por actividade docente fixado nas táboas salariais percibirano os profesores por cada hora de docencia regulada que supere as seguintes cifras:

- 275 horas anuais, en dedicación exclusiva.

- 220 horas anuais, en dedicación plena.

- 135 horas anuais, en dedicación parcial.

O complemento fixarase ao comezo de cada curso escolar tendo en consideración as horas de docencia regulada previstas para o profesor. Aboarase distribuída en cada unha das doce pagas ordinarias de cada curso. O dereito á percepción deste complemento mantense ata a finalización de cada curso, mesmo nos períodos nos que o traballador puidese permanecer en situación de incapacidade temporal.

Por acordo entre o traballador e o Centro, este complemento poderá facerse efectivo en dous pagamentos anuais.

b) Outros complementos. Terán o carácter de retribución complementaria non consolidábel calquera outro complemento, plus, gratificación, etc., recollidos no articulado do Convenio no Apéndice "Táboas Salariais" ou os derivados da lexislación vixente segundo a súa contía e procedemento, e os que puidesen establecer os Centros.

4. As cantidades que actualmente tivesen establecidas os Centros ou que puidesen establecer no futuro, e na parte que excedan das sinaladas no presente Convenio, consideradas en conxunto e cómputo anual, terán a consideración de aumento voluntario absorbíbel e compensábel.

Artigo 35º. Horas extraordinarias.

1. Son horas extraordinarias as que se realicen por riba da xornada contractualmente establecida. A súa realización terá carácter voluntario para o traballador, sendo o seu valor o que se indica no Apéndice "Táboas Salariais".

2. As horas extraordinarias aboaranse no mes seguinte á súa realización, aínda que, de mutuo acordo, se poderán compensar polo mesmo tempo delas de descanso, dentro dos catro meses seguintes á súa realización.

3. Non se terán en conta para o cómputo do número máximo de horas extraordinarias autorizadas o exceso das traballadas para previr ou reparar sinistros e outros danos extraordinarios e urxentes. A súa realización será obrigatoria para o traballador, sen prexuízo da súa compensación como horas extraordinarias.

CAPÍTULO II

XORNADA DE TRABALLO

Artigo 36º.

O total de horas de traballo semanal do persoal docente será, como máximo, o seguinte:

a) Dedicación exclusiva: O réxime de dedicación a tempo completo ou exclusiva supón unha prestación con permanencia no Centro de 37,5 horas semanais, das cales, ata 15 horas de media semanal, en cómputo anual, deducindo os períodos vacacionais, domingos e os catorce festivos de carácter xeral non coincidentes cos períodos vacacionais en ambos os casos, han dedicarse á docencia regrada ou normalizada e seminarios incluída en horarios, e o resto ha dedicarse a preparación, investigación, titorías, tarefas de goberno e demais actividades universitarias, de acordo cos distintos planos de estudo e sistemas pedagóxicos adoptados polos distintos Centros. O réxime de dedicación a tempo completo ou exclusivo comporta a incompatibilidade para realizar calquera tipo de traballo fóra do Centro, salvo que este o autorice por escrito.

Cando as necesidades docentes do Centro o requiran, de mutuo acordo, prestaranse ata tres horas máis de media semanal, en cómputo anual, deducindo os períodos vacacionais, domingos e os catorce festivos de carácter xeral non coincidentes cos períodos vacacionais en ambos os casos, de docencia regrada ou normalizada e seminarios incluída en horarios, debendo aboarse un complemento da contía indicada no Apéndice "Táboas Salariais".

En ningún caso se poderá superar o total de horas semanais de dedicación.

b) Dedicación plena: O réxime de dedicación plena supón unha prestación con permanencia no Centro de 30 horas semanais, das cales, ata 13 horas de media semanal, en cómputo anual, deducindo os períodos vacacionais, domingos e os catorce festivos de carácter xeral non coincidentes cos períodos vacacionais en ambos os casos, han dedicarse á docencia regulada ou normalizada e seminarios incluída en horarios, e o resto ha dedicarse a preparación, investigación, titorías, tarefas de goberno e demais actividades universitarias, de acordo cos distintos planos de estudo e sistemas pedagóxicos adoptados polos distintos Centros.

Cando as necesidades docentes do Centro o requiran, de mutuo acordo, prestaranse ata dúas horas máis de media semanal, en cómputo anual, deducindo os períodos vacacionais, domingos e os catorce festivos de carácter xeral non coincidentes cos períodos vacacionais en ambos os casos, de docencia regrada ou normalizada e seminarios incluída en horarios, debendo aboarse un complemento da contía indicada no Apéndice "Táboas Salariais".

En ningún caso se poderá superar o total de horas semanais de dedicación.

c) Dedicación parcial: O réxime de dedicación parcial suporá a prestación do número de horas pactadas entre o traballador e o Centro, tendo en conta o establecido no artigo 20º.

d) A dirección dos Centros poderá considerar as necesidades de preparación da docencia que puidesen ou deben realizarse fóra das instalacións do propio Centro.

Artigo 37º.

a) A media de horas de traballo semanais en cómputo anual de todo o persoal non docente será de 37,5 horas, desfrutando 2 sábados libres de cada tres. En caso de que este descanso, por razóns de organización do traballo, non puidese ter lugar en sábado, desfrutarase outro día da semana, e en todo caso, de acordo co cómputo anual previsto no artigo seguinte.

b) Todo o persoal reducirá a súa xornada a 35 horas semanais en forma continuada durante os meses de xullo e agosto. Durante ese período poderanse establecer quendas para que os distintos Servizos queden atendidos. A petición do Comité de Empresa, esta xornada efectuarase de luns a venres.

c) Atendendo no posíbel ás conveniencias do persoal e respectando sempre a xornada máxima, os horarios de traballo do profesorado e persoal non docente estarán subordinados ás necesidades docentes e investigadoras e, en consecuencia, poderán ser revisados para os axustar aos planos que establezan os

Centros ao distribuír e coordinar as clases teóricas e prácticas de acordo cos planos de estudo vixentes, o número de alumnos, as aulas, seminarios e laboratorios dispoñíbeis, o desenvolvemento dos programas de investigación e as demais actividades culturais e formativas propias de quefacer universitario.

d) Na realización das quendas, o número de horas ordinarias de traballo efectivo poderá ser superior a 9, mediante acordo cos traballadores ou os seus representantes, e respectando en todo caso a xornada máxima semanal en media e o descanso entre xornadas.

e) Todo o persoal poderá desfrutar, no intermedio do seu traballo, dun descanso retribuído de quince minutos.

Artigo 38°.

Os Centros poderán establecer o cómputo anual tomando como base o establecido o Estatuto dos Traballadores e disposicións que o desenvolven, así como o establecido nos artigos 36°, 37° e 39° do presente Convenio.

CAPÍTULO III

VACACIÓNS E PERMISOS

Artigo 39°. Vacacións.

Todo o persoal afectado por este Convenio, desfrutará, preferentemente no verán, dun mes completo de vacacións por ano natural. O persoal de novo ingreso ou que cause baixa terá dereito, en función do tempo traballado durante o ano natural, á parte proporcional correspondente. En caso de que o desfrute do mes completo coincidise total ou parcialmente co período de incapacidade temporal por maternidade, os días coincidentes desfrutaranse inmediatamente a continuación do remate da licenza maternal. Non obstante, as partes poderán acordar outras datas de desfrute, dentro do ano natural.

Ademais do indicado no parágrafo anterior, o persoal docente desfrutará das mesmas vacacións que as que desfruten os alumnos segundo dispoña o calendario escolar no Nadal e a Semana Santa. O persoal non docente desfrutará de nove días naturais no Nadal e seis na Semana Santa, aínda que os Centros poderán establecer quendas entre o persoal, para o efecto de manter o servizo nestes, non se considerando extraordinario o traballo realizado en tales quendas.

Todo o persoal destes Centros desfrutará dun día máis de vacacións ao ano. O persoal non docente desfrutará ademais de dous días adicionais de vacacións ao ano. Correspóndelle á Dirección dos Centros a determinación do momento en que se desfruten eses días.

Artigo 40°. Permisos retribuídos.

O traballador previo aviso e xustificación poderá ausentarse do traballo, con dereito a remuneración, por algún dos motivos e polo tempo seguinte:

a) 15 días naturais en caso de matrimonio.

b) 3 días en caso de nacemento de fillo, enfermidade grave, operación cirúrxica ou falecemento de parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Cando con tal motivo o traballador necesite facer un desprazamento superior a 200 quilómetros, o prazo será de cinco días.

c) 1 día por traslado do domicilio habitual.

d) 1 día por casamento de familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.

e) Polo tempo indispensábel para o cumprimento dun deber de carácter público e persoal. Cando conste nunha norma legal ou convencional un período determinado, estarase ao que esta dispoña en canto a duración da ausencia e á súa compensación económica.

Cando o cumprimento do deber antes referido supoña a imposibilidade da prestación do traballo debido en máis do 20 % das horas laborais nun período de 3 meses, poderá pasar o Centro ao traballador afectado á situación de excedencia forzosa. No suposto de que o traballador por cumprimento do deber ou en desenvolvemento do cargo, perciba unha indemnización, descontarase o importe da mesma do salario a que tivese dereito no Centro.

f) Para realizar funcións sindicais ou de representación do persoal, nos termos establecidos legalmente e neste Convenio.

g) Polo tempo indispensábel para a realización de exames oficiais, debendo xustificar previamente a formalización da matrícula e posteriormente a asistencia ao exame.

Artigo 41º. Permiso retribuído para cursos de perfeccionamento.

Os Centros poderán conceder permisos para a realización de cursos, proxectos de investigación, teses de doutoramento, congresos, reunións científicas, etc. Para que tal permiso sexa retribuído deberá constar expresamente, na súa concesión, o seu carácter de tal. En tal caso, os gastos de matrícula, desprazamentos e estadia poderán correr a cargo do Centro. No caso de que o traballador desfrutase de bolsas ou axudas, tanto públicas como privadas, o Centro aboará só a diferenza entre o importe desta e o salario do traballador.

Durante un mes ao ano que coincidirá co período estival, o persoal docente, ata un 25% do cadro de persoal, e a partir da dedicación plena, poderá solicitar permiso retribuído para a execución de proxectos de investigación ou teses de doutoramento, podendo os Centros conceder este permiso en función do interese científico dos temas dos traballos a realizar. A concesión deste permiso implicará a percepción íntegra das retribucións.

Terán esta mesma consideración os permisos individuais concedidos ao abeiro do Acordo Nacional para a Formación Continua.

Artigo 42º. Permiso non retribuído para cursos de perfeccionamento.

De acordo coas necesidades dos Centros, cos méritos do interesado, antigüidade e co período transcorrido sen ter feito uso do previsto no presente artigo e no anterior, poderán concederse permisos non retribuídos, con reserva de posto de traballo, para realizar cursos de perfeccionamento.

Artigo 43º. Permiso sen soldo.

Todo o persoal poderá solicitar ata quince días de permiso sen soldo por ano, que deberá serlle concedido se se fai cun preaviso de quince días.

Artigo 44º. Maternidade, adopción, lactación, garda legal.

En canto á concesión ou condicións de retribución de permisos, reducións de xornada, etc., por causa de maternidade, adopción, lactación e garda legal, estarase ao disposto con carácter xeral pola lexislación vixente.

CAPÍTULO IV

MOBILIDADE FUNCIONAL

Artigo 45º. Traballos de superior categoría.

Cando se lle encomende ao persoal, sempre por causas xustificadas, unha función superior á correspondente á súa categoría profesional, percibirá a retribución correspondente a aquela, en tanto subsista a situación.

Se o período de tempo da mencionada situación é superior a seis meses durante un ano ou oito durante dous, o traballador poderá escoller estar clasificado na nova categoría profesional que desempeña, salvo necesidades de titulación, percibindo neste caso a diferenza retributiva entre a categoría asignada e a función que efectivamente realice.

En todo caso, para determinar se se trata de funcións de superior categoría, terase en conta o conxunto de traballos que realice e o tempo que destina a cada un deles.

Artigo 46º. Traballos de inferior categoría.

Por necesidades perentorias ou imprevisíbeis poderase destinar a un traballador a tarefas correspondentes a unha categoría inferior, só polo tempo imprescindible, manténdolle a retribución e demais dereitos derivados da súa categoría profesional e comunicándollelo aos representantes dos traballadores.

Artigo 47º. Traballos de igual categoría.

Con obxecto de manter a xornada de traballo e facilitar a distribución da docencia, e sempre que os planos de estudo o xustifiquen, non se considerará modificación substancial das condicións de traballo a encarga que reciba un profesor de impartir materias distintas das que viña impartindo sempre que sexan afíns á súa especialidade e área de coñecemento e lle sexa notificado con dous meses de antelación.

TÍTULO IV

RÉXIME ASISTENCIAL, MELLORAS SOCIAIS E DEREITOS SINDICAIS

Artigo 48º. Roupa de traballo.

Os Centros proporcionaranlle ao persoal subalterno e ao profesional técnico que presta os seus servizos en talleres e laboratorios roupa de traballo sempre que o necesiten e como máximo unha vez ao ano.

Artigo 49º. Indemnización por xubilación.

Concederáselles a todos os traballadores afectados polo presente Convenio unha indemnización por xubilación que se fará efectiva no momento de se producir esta e sempre e cando cumprise 15 anos de antigüidade no Centro. A indemnización consistirá no importe correspondente a tres mensualidades e unha mensalidade máis por cada 5 anos que excedan dos 15 primeiros, ata cumprir a idade de xubilación establecida no presente Convenio.

Artigo 50º. Ensino gratuíto.

Todo traballador afectado polo presente Convenio terá dereito a ensino gratuíto para si e para os seus fillos no Centro onde presta os seus servizos.

Caso de que o solicitante non fose traballador do propio Centro no que solicita o ensino gratuíto, establecerase un límite do 3 % do alumnado de cada Facultade ou Escola.

O ensino gratuíto mencionado afectará unicamente aos cursos ordinarios.

Os traballadores, caso de cumpriren as condicións sinaladas pola convocatoria, exercerán o dereito de solicitude de axudas ao estudo sexa cal sexa a entidade convocante. Se lle son concedidas reintegrarán ao Centro as cantidades percibidas.

Os orfos de persoas afectadas polo presente Convenio, así como polos precedentes, poderán desfrutar deste beneficio nas mesmas condicións que se continuasen en activo.

Os cónxuxes que á entrada en vigor do presente Convenio viñesen desfrutando de ensino gratuíto manterán o seu dereito ata a finalización dos seus estudos.

O beneficio de ensino gratuíto previsto no presente artigo aplicarase en proporción á dedicación salvo naqueles supostos en que a dedicación ao Centro sexa a única actividade remunerada do traballador.

Artigo 51º. Seguridade e Hixiene no traballo.

Os Centros e o persoal acollido a este Convenio cumprirán as disposicións sobre seguridade e hixiene contidas no Estatuto dos Traballadores, Lei de Prevención de Riscos Laborais e demais disposicións legais.

Artigo 52º. Revisión médica.

Todas as persoas afectadas polo presente Convenio terán dereito a unha revisión médica básica anual, que os Centros deberán facilitar sen custo para os traballadores, e que terá carácter voluntario para estes.

Artigo 53º. Seguros de responsabilidade civil e accidentes.

1. Responsabilidade civil: Todos os Centros deberán contratar pólizas de seguro para todos os traballadores que garanta a responsabilidade civil en que poidan incurrir os asegurados con motivo das súas actuacións profesionais, con inclusión de fianza e defensa criminal e exclusión de riscos que poidan ser asegurados polo ramo do automóbil e calquera dano inmaterial que non sexa consecuencia directa dos danos materiais e/ou corporais garantidos nesta póliza. A prestación máxima por sinistro é de 6.000.000 de pesetas.

2. Accidentes. Todos os Centros deberán contratar pólizas de seguro de accidentes para o persoal docente en réxime de dedicación exclusiva e plena, e do non docente con contrato de máis da metade da xornada a tempo completo, que cubrirá asistencia médica, cirúrxica e farmacéutica en caso de accidente, sexa calquera a causa que o produza, tanto no exercicio da profesión como na vida privada, en calquera parte do mundo, realizando calquera tipo de actividade, usando calquera medio de locomoción e sen exclusión de ningún xénero.

Capital asegurado en caso de morte, 3.000.000 de pesetas.

En caso de invalidez permanente nos graos de absoluta e grande invalidez, 6.000.000 de pesetas.

O persoal docente en réxime de dedicación parcial e o non docente con xornada inferior á metade da xornada a tempo completo disporá dun seguro coas mesmas coberturas nos accidentes que se produzan no Centro e "in itinere".

3. Os dereitos deste seguro serán compatíbeis con calquera outro.

Artigo 54º. Plus de transporte.

Os Centros que viñesen aboando algunha cantidade por concepto de transporte continuarán a facelo, sen que sexa susceptible de absorción durante o período de vixencia deste.

Nos casos de cambio de localización física dos centros de traballo, e sempre que o traballador veña obrigado a utilizar o transporte privado por existir deficiencias obxectivas no transporte público, poderase establecer unha compensación económica. En caso de falta de acordo entre o Centro e o traballador afectado, a Comisión Paritaria decidirá sobre a procedencia da indemnización á vista da documentación presentada.

Artigo 55°. Incapacidade temporal.

Nos supostos de incapacidade temporal e durante os tres primeiros meses, aboaráselle ao traballador o complemento necesario para alcanzar o 100 % da retribución mensual ordinaria que lle correspondería de ter podido desenvolver as súas actividades laborais. En caso de continuar a incapacidade aboarase un mes máis se ten consolidado un trienio de antigüidade.

Artigo 56°. Dereitos sindicais.

En canto a dereitos sindicais estarase á lexislación vixente, sendo exclusivamente de aplicación para os Centros a que afecta o presente Convenio os seguintes pactos:

- a) Os Centros procederán ao desconto da cota sindical sobre os salarios e á correspondente transferencia a solicitude do sindicato do traballador afiliado e previa conformidade, sempre, deste.
- b) Garantirase o dereito que os traballadores teñen de se reunir en asemblea no mesmo Centro, previa notificación ao Centro, sempre que non se perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes e servizos e, en todo caso, de acordo coa lexislación vixente.
- c) Os representantes sindicais que participen na Comisión negociadora do presente Convenio Colectivo mantendo a súa vinculación como traballador en activo nalgún dos Centros afectados, terán dereito á concesión dos permisos retribuídos que sexan necesarios para o adecuado exercicio do seu labor como negociadores, sempre que o Centro estea afectado pola negociación.
- d) Ningún traballador poderá ser discriminado en razón á súa afiliación sindical, podendo expresar con liberdade as súas opinións, así como distribuir información sindical, fóra das horas de traballo, e sen perturbar a actividade normal do Centro.
- e) Os delegados de persoal, delegados sindicais e membros do Comité de Empresa, terán as competencias, dereitos e garantías que establecen o Estatuto dos Traballadores, a Lei Orgánico de Liberdade Sindical e demais disposicións vixentes.
- f) Para facilitar a actividade sindical no ámbito da empresa, poderanse promover polas organizacións sindicais a acumulación de horas nun ou varios dos compoñentes do Comité de Empresa e, se é o caso, dos Delegados de Persoal, sen sobrepasar o máximo total, podendo quedar relevado ou rele vados do traballo, sen prexuízo da súa remuneración. Previo acordo entre as organizacións sindicais e as patronais, esta acumulación poderá estenderse ao ámbito de provincia, rexión, autonomía ou Estado.

TÍTULO V

FALTAS E SANCIÓN

Artigo 57°.

Para o persoal afectado por este Convenio establécense tres tipos de faltas: leves, graves e moi graves.

a) Son faltas leves:

- 1) Tres faltas de puntualidade inxustificadas no posto de traballo durante trinta días.
- 2) Unha falta inxustificada de asistencia ao traballo durante o prazo de trinta días.
- 3) Dar por concluída a clase con anterioridade á hora do seu remate, sen causa xustificada, ata dúas veces en trinta días.

4) Non cursar en tempo oportuno a baixa correspondente, cando se falte ao traballo por causa xustificada, a menos que sexa evidente a imposibilidade de o facer.

5) Non comunicar os cambios de domicilio no prazo dun mes.

6) Neglixencia na entrega de cualificacións nas datas acordadas, no control de asistencia e disciplina dos alumnos.

b) Son faltas graves:

1) Máis de tres e menos de dez faltas inxustificadas de puntualidade cometidas nun prazo de trinta días.

2) Máis dunha e menos de catro faltas inxustificadas de asistencia ao traballo no prazo de trinta días.

3) Non se axustar ás programacións anuais acordadas.

4) Demostrar reiteradamente pasividade e desinterese cos alumnos no concerne á información das materias ou na formación educativa, a pesar das observacións que, por escrito, se lle fixesen para o efecto.

5) Discusións públicas con compañeiros de traballo no Centro, que menosprezen ante o alumno a imaxe dun educador.

6) Faltar gravemente á persoa do alumno ou aos seus familiares.

7) A reincidencia en falta leve nun prazo de sesenta días.

c) Son faltas moi graves:

1) Máis de nove faltas inxustificadas de puntualidade cometidas no prazo de trinta días.

2) Máis de tres faltas inxustificadas de asistencia ao traballo cometidas nun prazo de trinta días.

3) O abandono inxustificado e reiterado da función docente.

4) As faltas graves de respecto e os maos tratos, de palabra ou obra, a calquera membro da comunidade educativa do Centro.

5) O grave incumprimento das obrigas educativas, de acordo coa lexislación vixente.

6) A reincidencia en falta grave se se cometese dentro dos seis meses seguintes a terse producido a primeira infracción.

Artigo 58°.

Os regulamentos de réxime interior poderán determinar e tipificar situacións, feitos ou omisións, non previstas no presente Convenio, axustándose á legalidade vixente.

Artigo 59°.

As infraccións cometidas polos traballadores prescribirán, as leves aos dez días, os graves aos quince días e as moi graves aos cincuenta días, a partir da data en que a empresa tivo coñecemento da súa comisión, e en todo caso, aos seis meses de se ter cometido.

Artigo 60°.

As sancións serán:

- a) Por faltas leves: Amoestación verbal; se fosen reiteradas, amoestación por escrito.
- b) Por faltas graves: Amoestación por escrito, con coñecemento dos Delegados de persoal ou do Comité de Empresa, se o traballador así o desexase. Se existise reincidencia, suspensión de emprego e soldo de 5 a 15 días, con constatación no expediente persoal.
- c) Por faltas moi graves: Apercibimento de despedimento. Suspensión de emprego e soldo de 16 a 30 días. Despedimento. En todos os casos con previa comunicación ao(s) Delegado(s) ou Comité de Empresa, se o houber.

O apercibimento pode ser acompañado da suspensión de emprego e soldo.

Artigo 61º.

As sancións motivadas por faltas graves e moi graves deberán ser comunicadas por escrito ao traballador, facendo constar a data e os feitos que a motivaron. Nos casos de sancións por faltas graves e moi graves darase audiencia ao interesado.

As sancións que na orde laboral poidan imporse enténden sen prexuízo de pasar o tanto de culpa aos tribunais, cando a falta cometida poida constituír delito.

Artigo 62º.

A dirección do Centro, tendo en conta as circunstancias que concorren no feito e a conduta ulterior do traballador, poderá reducir as sancións por faltas leves, graves e moi graves, de acordo coa lexislación vixente.

Artigo 63º.

Os Centros de ensino anotarán nos expedientes persoais dos seus empregados as sancións graves que se lles impuxesen, podendo anotar tamén as amoestacións e as reincidencias en faltas leves.

Artigo 64º.

A non comisión de faltos leves durante seis meses, e de graves durante un ano, determinará a cancelación das análogas que puidesen constar no expediente persoal.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira. A actividade de profesorado durante os meses estivais, ademais do desfrute das súas vacacións consistirá, preferentemente, na corrección de exames, participación en cursos especiais, preparación do curso seguinte, investigación, tarefas de goberno, etc.

Segunda. Ao presente Convenio poderán adherirse cantas centrais sindicais e organizacións empresariais con representatividade legal suficiente o estimen oportuno.

Terceira. As organizacións e empresas afectadas por este Convenio acóllense ao Acordo Nacional de Formación Profesional Continua, vixente en cada momento.

Ao asinamento do presente Convenio constituirase a Comisión Paritaria Sectorial do FORCEM correspondente a este Convenio.

Cuarta. Para os efectos previstos no Artigo 18º do presente Convenio, o título de Doutor é o que habilita para a docencia nas Facultades e Escolas Superiores, e para as categorías de Investigador e Colaborador de Investigación, de conformidade cos Estatutos e Regulamentos dos Centros.

Quinta. Para os efectos previstos no Artigo 18º do presente Convenio, os títulos ou diplomas propios expedidos polas Universidades con facultade de colación de graos, entenderanse como títulos oficialmente recoñecidos ou equivalentes.

Sexta. Co obxecto de mellorar a saúde laboral de cantos prestan os seus servizos nos Centros acollidos ao presente Convenio, a Comisión Paritaria estudiará as enfermidades que teñen unha especial relevancia no sector educativo para xestionar dos organismos competentes a súa inclusión no catálogo de enfermidades profesionais.

Sétima. As partes negociadoras do presente Convenio adhírense ao Acordo sobre Solución Extraxudicial de Conflitos Laborais (A.S.E.C.), así como ao seu Regulamento de aplicación que vincularán á totalidade das empresas e á totalidade dos traballadores representados, actuando en primeira instancia a Comisión Paritaria deste Convenio.

Oitava. Fomento á contratación indefinida. Os Centros poderán celebrar contratos de fomento á contratación indefinida nos supostos e cos requisitos que prevé a Disposición Adicional Primeira da Lei 63/1997 (BOE 30 do decembro de 1997).

Para os efectos do disposto no número 2, letra b) da Disposición Adicional Primeira da Lei 63/97 poderá transformarse en calquera momento, mesmo con posterioridade ao 17 de maio de 1998, en contratos para o fomento á contratación indefinida, calquera contrato de duración determinada ou temporal, incluídos os contratos formativos.

Novena. Os contratos de traballo celebrados a través de empresas de traballo temporal ateranse ás condicións salariais pactadas neste Convenio e ao disposto no artigo 37.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Primeira. Os traballadores e as traballadoras que á publicación do Convenio posúen as categorías de Xefe de Sección, Xefe de Negociado, Subxefe de Negociado e Conserxe, seguiranas posuíndo ata que extingan a súa relación laboral co Centro, percibindo un salario igual ao da categoría básica requirida para ocupar os ditos postos, máis o complemento de posto de traballo asignado a estes.

Segunda. Os traballadores e as traballadoras que á entrada en vigor do presente Convenio se encontrasen contratados nos réximes de dedicación semiplena e parcial poderán optar entre adaptarse ao disposto no presente Convenio ou permanecer na situación que viñan desfrutando.

Terceira. A retribución correspondente ao complemento especial por actividade docente reflectida no artigo 34.3.a), que teña que percibir o traballador a partir da data de publicación deste Convenio, non poderá quedar reducida respecto da que viñese percibindo anteriormente, sempre que manteña as mesmas horas de docencia directa.

Cuarta. Os Centros afectados por este Convenio disporán ata o 31 de marzo do ano 2000 para adaptar as súas pólizas de seguro á elevación a 6.000.000 do importe da cobertura máxima do seguro de responsabilidade civil e do seguro de accidentes para o suposto de invalidez permanente absoluta e grande invalidez.

Quinta. Mentres o colectivo integrado nas academias preparatorias non subscriba outro Convenio, seranlle de aplicación as disposicións contidas no presente.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira. As condicións pactadas neste Convenio forman un todo indivisíbel.

As melloras económicas pactadas poderán ser absorbidas polas que no presente ano poidan establecerse por disposición legal e polas que, con carácter voluntario, veñan aboando os Centros á entrada en vigor deste Convenio. A remuneración total que á entrada en vigor deste Convenio veña recibindo o persoal afectado por el non poderá, en ningún caso, ser reducida pola aplicación das normas que no Convenio se establecen.

En relación ás demais situacións, en cómputo anual e no seu conxunto, serán respectadas as máis beneficiosas que viñesen desfrutando os traballadores individual e colectivamente.

Segunda. Para canto non quede expresado neste Convenio estarase, como dereito supletorio, ao disposto na lexislación xeral e laboral vixentes.

Terceira. Os atrasos derivados da aplicación das Táboas Salariais do Convenio aboaranse no prazo máximo de sesenta días.

APÉNDICE I

DEFINICIÓNS DAS DISTINTAS CATEGORÍAS PROFESIONAIS

GRUPO I. PERSOAL DOCENTE.

a) Profesor Titular: É o que, reunindo as condicións e méritos académicos esixidos polos Estatutos ou Regulamentos do Centro e pola lexislación vixente, exerce funcións docentes, de investigación e dirección de estudos da súa especialidade, desenvolvendo os programas segundo a orientación do Centro e asumindo a titoría dos alumnos e a coordinación dos estudos, de acordo coas directrices sinaladas polo Centro.

b) Profesor Agregado: É o que, reunindo as condicións esixidas polos Estatutos ou Regulamentos do Centro e pola lexislación vixente, leva a cabo a docencia e investigación dunha disciplina especializada, colaborando co Profesor Titular nas tarefas que lle asignen os respectivos Centros ou Departamentos.

c) Profesor Adxunto: É o que, reunindo as condicións esixidas polos Estatutos ou Regulamentos do Centro e pola lexislación vixente, exerce as funcións docentes e de investigación que lle asigne o dirección do Centro colaborando e axudando o Profesor Titular ou Agregado, substituíndoo nas súas ausencias e podendo desempeñar a ensinanza que se lle confíe baixo as directrices e orientacións do Dirección do Centro ou do Departamento, dalgún Profesor Titular ou Agregado.

d) Profesor Auxiliar ou Axudante: É o que, estando polo menos en posesión do título de Licenciado, Enxeñeiro ou Arquitecto, foi contratado para colaborar nas tarefas científicas do Centro, podéndose encargar interinamente da ensinanza dalgunha materia ou parte dela.

GRUPO II. PERSOAL NON DOCENTE

Subgrupo 1º. Persoal titulado.

a) Titulado de Grao Superior: É o que, posuíndo o título de Licenciado, Enxeñeiro ou Arquitecto, foi incorporado mediante contrato de traballo e exerce no Centro de forma permanente e responsabilidade directa as funcións especializadas ou asesoras para as que está facultado con exclusividade, en virtude do título que posúe.

b) Titulado de Grao Medio: É o que, posuíndo o título de Enxeñeiro Técnico, Perita, Arquitecto Técnico ou Aparellador, Axudante Técnico Sanitario, Graduado Social, etc., foi incorporado mediante contrato de traballo e exerce no Centro as funcións especializadas ou asesoras para as que está facultado con exclusividade en virtude do título que posúe.

Subgrupo 2º. Persoal de Investigación .

a) Investigador: É o titulado de terceiro ciclo, con experiencia, que, illadamente ou en colaboración cos profesores, leva a cabo coa máxima responsabilidade, traballos e proxectos de investigación, asumindo a dirección do persoal colaborador e auxiliar necesario.

b) Colaborador de Investigación: É o titulado de terceiro ciclo que, sen asumir a dirección ou responsabilidade plena ou parcial nos distintos proxectos de investigación, colabora cos Profesores ou Investigadores na realización destes.

c) Axudante de Investigación: É o titulado superior de segundo ciclo que se inicia na investigación, colaborando cos Profesores, Investigadores ou Colaboradores nas tarefas de investigación propias dos distintos proxectos.

Subgrupo 3º. Persoal Administrativo.

a) Administración e Oficinas

1) Xefe Superior Administrativo: É o que ten ao seu coidado a alta dirección e responsabilidade de máis dunha sección ou servizo do Centro (ou un destes cando a súa importancia, a xuízo do Dirección do Centro, o requira).

2) Oficial de 1ª: É o empregado que, pola súa capacitación profesional e experiencia, desempeña as funcións burocráticas ou contábeis máis delicadas ou de maior responsabilidade, asumindo mesmo a dirección do traballo doutros empregados administrativos inferiores.

3) Oficial de 2ª: É o empregado que exerce funcións burocráticas ou contábeis, despacha correspondencia ou tramita documentos que esixan iniciativa ou responsabilidade.

4) Auxiliar: Comprende esta categoría ao empregado maior de 18 anos que realiza funcións administrativas e burocráticas baixo a dirección do seu inmediato superior.

5) En formación: Comprende o persoal contratado ao abeiro do establecido no artigo 19º do presente Convenio, que se inicia no desempeño da actividade administrativa.

b) Proceso de Datos

1) Analista: É o técnico que realiza as distintas fases de análise previa, funcional e de detalle, organizando e planificando proxectos con vistas á súa posterior programación e execución no ordenador.

2) Programador: É o empregado que, utilizando a información facilitada pola analista ou calquera técnico superior, se encarga da realización e posta a punto dos programas que ten que executar o ordenador.

3) Operador: É o empregado que está encargado de controlar o manexo das máquinas que integran o Ordenador así como a execución dos programas e demais operacións que se procesen neste.

4) En formación: Comprende o persoal contratado ao abeiro do establecido no artigo 19º do presente Convenio, que se inicia no desempeño da actividade informática.

c) Biblioteca

1) Bibliotecario/Facultativo: É o titulada superior que pola súa especial formación e experiencia ten encomendado a dirección, organización e control dunha biblioteca con máis de 50.000 volumes en depósito e/ou que xestione (merque, rexistre e catalogue) máis de 4.000 volumes durante o exercicio económico. Desempeña as tarefas de catalogación e clasificación, con utilización dos medios mecánicos e informáticos dispoñíbeis, de libros e revistas; organización de arquivos; organización e control dos servizos da biblioteca; información bibliográfica, e cantas outras tarefas lle capacitan a súa formación específica.

2) Axudante de biblioteca, titulado: É o titulado superior ou medio que pola súa especial formación e experiencia ten encomendado a dirección, organización e control dunha biblioteca de máis de 10.000 e menos de 50.000 volumes en depósito e/ou xestione (merque, rexistre e catalogue) máis de 2.000 volumes no exercicio económico. Desempeña as tarefas de catalogación e clasificación, con utilización dos medios mecánicos e informáticos dispoñíbeis, de libros; baleiramento, catalogación e clasificación de revistas; organización, alfabetización e control de arquivos, organización e control dos servizos da biblioteca (sala de lectura, empréstimo, etc.); rexistro, conformación e xestión das facturas de libros e material de biblioteca, así como organización e control, segundo instrucións recibidas da superioridade do Centro, das tarefas administrativas da biblioteca; e cantas outras tarefas lle capacitan a súa formación específica.

3) Auxiliar en biblioteca: É o persoal administrativo que por desempeñar o seu traballo nunha biblioteca realiza as tarefas burocráticas ou contábeis, despacha correspondencia ou tramita documentos que afectan ao servizo. Desempeña tamén tarefas de control de salas de lectura, xestión e control do empréstimo de libros; etiquetaxe, rexistro e selado de libros, alfabetización, control e manexo de arquivos; calquera outra tarefa de apoio ao labor desenvolvido polo persoal bibliotecario e para o mellor funcionamento da biblioteca.

4) En formación: Comprende o persoal contratado ao abeiro do establecido no artigo 19º do presente Convenio, que se inicia no desempeño da actividade bibliotecaria.

Subgrupo 4º. Persoal Subalterno.

1) Ordenanza ou bedel ou porteiro: É o que ten encomendada a vixilancia dos locais durante as horas de traballo, a execución de mandados e encargos, mesmo utilizando un vehículo cando sexa preciso, a recollida, a entrega e franqueo da correspondencia, así como a realización de calquera outro traballo similar que non requira unha particular especialización técnica.

2) Garda ou Vixilante Xurado: É o que de día ou de noite, respectivamente, ten ao seu cargo a custodia e vixilancia de edificios ou terrenos coutados, podendo, se é o caso, abrir e pechar as portas.

3) Persoal de Limpeza: É o encargado de facer limpeza nas aulas, despachos, servizos e demais dependencias do Centro.

4) Telefonista: É quen está ao servizo exclusivo da centraliña telefónica durante a súa xornada de traballo, anotando e trasladando cantos avisos reciba, levando o control administrativo da súa utilización.

5) En formación: Comprende o persoal contratado ao abeiro do establecido no artigo 19º do presente Convenio, que se inicia no desempeño dun oficio ou actividade.

Subgrupo 5º. Persoal de Servizos Xerais.

1) Encargado de Servizos Auxiliares: É o que distribúe o traballo e atende á conservación dos distintos servizos do Centro.

2) Técnico Especialista de oficios: É aquel persoal que estando en posesión do título de Formación Profesional de Segundo Grao ou tendo unha formación práctica equivalente para o desempeño do posto de traballo, domina con plena responsabilidade un conxunto de técnicas relacionadas coas funcións a desenvolver que, pola súa complexidade, requiren unha capacitación profesional demostrada.

- 3) Conductor 1ª: É o que, provisto do permiso de condución da categoría D ou o que corresponda a autobuses e vehículos articulados destinados a transporte de persoas, mantén o normal funcionamento do vehículo e encárgase da execución do transporte.
- 4) Conductor 2ª: É o que, provisto do permiso de condución da clase correspondente ao vehículo que se lle encomende, de categoría inferior ao que esixe o permiso de clase D, con coñecemento teórico e práctico da condución de vehículos automóbiles, mantén o normal funcionamento destes e encárgase da execución do transporte.
- 5) Oficial de 1ª de Servizos Auxiliares ou Laboratorios: É o que, posuíndo a práctica dos oficios correspondentes, os exerce e aplica con tal grao de perfección que non só lle permite levar a cabo tales traballos xerais deste, senón aqueloutros que supoñen especial empeño e delicadeza.
- 6) Oficial de 2ª de Servizos Auxiliares ou Laboratorios: Integran esta categoría os que, sen chegar á especialización requirida para os traballos perfectos, executan os correspondentes a un determinado oficio coa suficiente corrección e eficacia.
- 7) Axudante de Servizos Auxiliares ou Laboratorios: É o empregado que, sen a capacitación profesional e experiencia propia dos oficiais, se inicia e colabora con aqueles nos traballos xerais propios do seu oficio.
- 8) Mozo de Servizo: É o que ten ao seu cargo a limpeza de cuartos, comedores e demais dependencias do Centro, ou ten ao seu cargo os traballos manuais de almacenamento e conservación de materiais ou encárgase do coidado, cría e alimentación dos animais necesarios para a experimentación, así como das instalacións necesarias.
- 9) Camareira de bar: É o que ten ao seu cargo o servizo do bar.
- 10) Xardineiro: É o encargado do amaño e conservación dos parques e xardíns do Centro, así como das ferramentas e enseres propios do seu oficio.
- 11) Auxiliar de libraría e reprografía: É a persoa que nas oficinas ou dependencias de libraría e reprografía, atende ao público executando os pedidos de material de libraría e papelería, fotocopias, etc., encargándose do cobro de tales servizos, coidando de manter ao día o stock do material propio do departamento, etc.
- 12) Persoal non cualificado: É o que desempeña actividades que non integran propiamente un oficio.
- 13) En formación: Comprende o persoal contratado ao abeiro do establecido no artigo 19º do presente Convenio, que se inicia no desempeño dun oficio ou actividade.

DEFINICIÓN DAS CATEGORÍAS FUNCIONAIS

Xefe de Sección. É o Oficial de primeira designado temporalmente pola Dirección do Centro para dirixir nas oficinas o traballo dun ou máis Xefes de Negociado (ou dun destes cando a súa importancia, a xuízo da Dirección do centro, o requira). Mentres realice estas funcións, terá dereito ao complemento de posto de traballo que figura nas táboas salariais.

Xefe de Negociado. É o Oficial de primeiro designado temporalmente pola Dirección do Centro, que, ás ordes inmediatas do Xefe Superior Administrativo ou Xefe de Sección, se encarga de dirixir un negociado administrativa, con ou sen persoal ás súas ordes. Mentres realice estas funcións, terá dereito ao complemento de posto de traballo que figura nas táboas salariais.

Subxefe de Negociado. É o Oficial de primeiro designado temporalmente pola Dirección do Centro que, ás ordes inmediatas do Xefe de Sección ou Xefe de Negociado, colabora con eles nas súas funcións e os

substitúe habitualmente nas súas ausencias. Mentres realice estas funcións, terá dereito ao complemento de posto de traballo que figura nas táboas salariais.

Conserxe. É o Ordenanza, Bedel ou Porteiro designado temporalmente pola Dirección do Centro, que á fronte do persoal subalterno, coida da orde, distribúe o servizo e atende á conservación das distintas dependencias do centro. Mentres realice estas funcións, terá dereito ao complemento de posto de traballo que figura nas táboas salariais.

APÉNDICE II

(BOE núm. 46, do 22 de febreiro de 2001)

Táboas salariais para o ano 2001

Categoría	Soldo	Trienio	Valor Cto./hora artigo 36	Valor/hora extra artigo 35
<i>Grupo I. Persoal docente.</i>				
A. Escolas Universitarias:				
A.1 Gratificación temporal dos cargos de goberno:				
Director	85.419			
Subdirector	68.655			
Xefe de Estudos	68.449			
Xefe ou Coordinador de Área	63.573			
Secretario	58.670			
A.2 Retribución do profesorado.				
Dedicación exclusiva:				
Titular	262.797	8.161	1.440	
Agregado	213.691	7.075	1.170	
Adxunto	191.723	6.316	1.051	
Dedicación plena:				
Titular	223.394	7.075	1.608	
Agregado	183.653	6.113	1.324	
Adxunto	164.770	5.459	1.186	
Dedicación semiplena:				
Titular	129.998	4.079	1.436	
Agregado	106.859	3.537	1.180	
Adxunto	95.874	3.156	1.059	
Dedicación parcial (retribución ao mes por hora semanal de clase)				
Titular	9.742	354		
Agregado	8.759	310		

Adxunto	7.821	276	
B. Centros Universitarios:			
B.1 Facultades e Escolas Técnicas Superiores:			
B.1.1 Gratificación temporal dos cargos de goberno:			
Director	85.419		
Subdirector	68.655		
Xefe de Estudos	68.449		
Xefe de Departamento	63.573		
Secretario	58.670		
B.1.2 Retribución do profesorado:			
Dedicación exclusiva:			
Titular	295.251	9.125	1.617
Agregado	237.696	8.205	1.301
Adxunto	197.405	6.368	1.080
Auxiliar/Axud	177.426	5.515	972
Dedicación plena.			
Titular	256.798	7.802	1.850
Agregado	204.071	6.837	1.470
Adxunto	172.609	5.515	1.244
Auxiliar/axudante	151.474	4.678	1.090
Dedicación semiplena:			
Titular	147.641	4.553	1.631
Agregado	118.943	4.028	1.314
Adxunto	98.716	3.174	1.090
Auxiliar/axudante	88.725	2.755	981
Dedicación parcial (retribución ao mes por hora semanal de clase)			
Titular	11.673	412	
Agregado	9.742	344	
Adxunto	8.269	292	
Auxiliar/axudante	7.286	257	
B.2 Outras ensinanzas na Universidade.			
Dedicación exclusiva:			
Titular	235.948	6.711	1.293
Agregado	165.586	5.876	907
Adxunto	134.262	4.806	734
Auxiliar/axudante	118.303	4.079	648
Dedicación plena:			
Titular	154.457	5.043	1.111
Agregado	124.190	4.442	894
Adxunto	98.482	3.591	709

Auxiliar/axudante	88.903	3.117	641
Dedicación semiplena.			
Titular	102.987	3.358	1.139
Agregado	82.791	2.938	915
Adxunto	67.144	2.395	740
Auxiliar/axudante	59.492	2.031	656
Dedicación parcial (retribución ao mes por hora semanal de clase)			
Titular	4.021	182	
Agregado	3.234	171	
Adxunto	2.612	118	
Auxiliar/axudante	2.326	105	
C. Academias preparatorias (retribución ao mes por hora semanal de clase)			
Titular	6.631	240	
Auxiliar/axudante	5.070	200	
<i>Grupo II. Persoal non docente.</i>			
Subgrupo I. Persoal titulado			
Títulado superior	191.723	5.642	3.079
Titulado meio	171.681	4.318	2.758
Subgrupo II. Persoal de investigación			
Investigador	197.405	5.642	3.170
Colaborador de investigación	184.014	4.806	2.957
Axudante de investigación	124.271	3.591	1.996
Subgrupo III. Persoal administrativo			
a) Administración:			
Xefe Superior	191.723	4.806	3.079
Xefe de Sección	132.991	4.553	2.758
Xefe de Negociado	132.991	4.079	2.392
Subxefe de Negociado	132.991	3.591	2.219
Oficial de primeira	132.991	3.591	2.136
Oficial de segunda	123.018	3.591	1.977
Auxiliar	120.565	3.591	1.937
En formación	75.702		1.117
Complemento de cargo:			
Xefe de Sección	38.691		
Xefe de Negociado	15.939		
Subxefe de Negociado	5.017		
b) Proceso de datos:			
Analista	191.723	4.553	3.079
Programador	148.930	3.591	2.392

Operador	132.991 3.591		2.136
En formación	75.702	1.117	
c) Biblioteca			
Bibliotecario/facultativo	191.723 4.806		3.079
Axudante de Biblioteca titulado	148.930 4.079		2.392
Auxiliar de Biblioteca (a extinguir)	120.565 3.591		1.937
En formación	75.702	1.117	
Subgrupo IV. Persoal subalterno			
Conserxe	120.564 3.591		2.392
Ordenanza Bedel ou Porteiro	120.565 3.591		1.937
Garda ou Vixilante xurado	115.982 3.591		1.863
Persoal de Limpeza	114.510 3.591		1.839
Telefonista de primeira	120.565 3.591		1.937
Telefonista de segunda	114.510 3.591		1.839
En formación	75.702	1.117	
Complemento de cargo:			
Conserxe	28.366		
Subgrupo V. Persoal de servizos xerais			
Encargado de servizos xerais	148.930 3.591		2.392
Técnico especialista de oficios	138.009 3.591		2.219
Condutor de primeira	132.991 3.591		2.136
Condutor de segunda	123.018 3.591		1.977
Oficial 1ª oficios auxiliares / Laboratorios	132.991 3.591		2.136
Oficial 2ª oficios auxiliares / Laboratorios	123.018 3.591		1.976
Auxiliar de librería e reprografía	120.565 3.591		1.937
Axudante de oficios / Laboratorio	114.510 3.591		1.839
Mozo de servizo	114.510 3.591		1.839
Camareira de bar	114.510 3.591		1.839
Xardineiro	114.510 3.591		1.839
Persoal non cualificado	114.510 3.591		1.839
En formación	75.702	1.117	

NOTAS:

1. Os Profesores Titulares ou Agregados de Escolas Universitarias con título de Doutor terán o mesmo tratamento que os seus homólogos en Centros Universitarios de segundo ciclo.
2. Quen con anterioridade, nestas Escolas, posúe a categoría de Adxuntos, Auxiliares ou Axudantes, equipararase salarialmente a Agregados.
3. O importe da gratificación por Xefe ou Coordinador de Área corresponde á dedicación exclusiva.

En caso doutras dedicacións establecerase proporcionalmente.

4. Complemento Especial por Actividade Docente. Para o ano 2001 o seu importe será o seguinte:

- Escolas Universitarias: 293 pesetas/hora.
- Facultades e Escolas Técnicas Superiores: 320 pesetas/hora.

5. Os actuais Axudantes de Biblioteca e Programadores que non posúan cando menos título universitario de primeiro ciclo, quedan declarados a extinguir e equiparados en soldo ao Oficial 1ª de Administración.

6. Acceso ao mundo laboral e formación.

Quen se inicia na investigación nas categorías de Colaborador de investigación e Axudante de investigación percibirán o 75 % das cantidades indicadas nas Táboas Salariais. Transcorridos dous e catro anos, respectivamente, se continuasen prestando servizos ao Centro, pasarán automaticamente a percibir o 100 % da retribución establecida computándose o tempo de formación para todos os efectos.

7. Revisión salarial. As táboas salariais correspondentes ao ano 2002 actualizárense ao principio dese ano e serán o resultado de incrementar as contías das retribucións, respecto á táboa do ano anterior, na cifra do IPC oficialmente previsto para o exercicio incrementada en 0,5 puntos. A contía do complemento de antigüidade non será modificada no período de vixencia do Convenio.

No caso de que o IPC oficial, ao finalizar o ano, supere o incremento porcentual total establecido sobre a táboa correspondente, o exceso deberá ter reflexo na táboa do exercicio seguinte antes de aplicar o incremento previsto segundo o indicado no parágrafo anterior.